



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

03 MAY. 2024 18:06:54

Entrada **23907**

Sobre os retrasos nas oficinas de estranxeiría na Galiza

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos importantes atrasos nas Oficinas de Estranxeiría de Galiza para a tramitación de documentos obrigatorios para as persoas migrantes.**

Desde hai meses están a rexistrarse atascos nas tramitacións ante as distintas Oficinas de Estranxeiría na Galiza, o que causa importantes demoras ás persoas que necesitan resolver trámites urxentes para poder continuar traballando, estudando, acceder a cursos de formación ou emprender un negocio nos lugares do territorio galego onde se estableceron.

Os atrasos poden chegar a catro e mesmo oito meses, aínda tratándose de trámites urxentes, unha circunstancia que pon en risco situacións de formación ou de emprego dado que se esixe un NIE (Número de Identificación Estranxeiro) en vigor. Hai que sinalar que o documento de resguardo que reciben cando inician un trámite non serve para acceder a cursos de formación de emprego do SEPE, permanecer de alta na Seguridade Social ou seguir sendo beneficiario dunha axuda ou renda de reinserción.

Esta falta de axilidade por parte da Administración afecta tamén á renovación de contratos de traballo debido a que deben contar co NIE en vigor. Tamén lles prexudica á hora da procura de emprego posto que as empresas adoitan rexeitar estas situacións. Aínda que teñan un permiso, o feito de non contar co NIE déixalles nun limbo legal. Sen o NIE en regra non poden facer a maioría dos trámites máis importantes como os referidos.



Ligado a este problema engádense as dificultades para obter unha cita para realizar a entrevista para obter o NIE. Ata o pasado mes de abril, as citas tramitábanse por teléfono cos consecuentes problemas de colapso telefónico e imposibilidade de acceder a unha cita.

Recentemente o Goberno puxo en marcha un novo sistema de citación web que, con todo, non resolveu as dificultades dado que o primeiro día sufriu un colapso.

Esta situación nas Oficinas de Estranxeiría da Galiza está a causar problemas graves a numerosas persoas migrantes e require de medidas por parte de Goberno para ofrecer un servizo de tramitación áxil e que non comprometa a súa situación.

Organizacións e asociacións que traballan con persoas migrantes para axudarlles e asesorarlles cos seus trámites advertiron que este tipo de problemas administrativos teñen consecuencias graves para as persoas que necesitan regularizar as súas situacións. Calculan que unha porcentaxe significativa teñen risco de exclusión se non poden contar cos papeis nun tempo adecuado.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. A que se deben os problemas de atasco e conxestión que están a sufrir as Oficinas de Estranxeiría en Galiza?
2. Por que se están rexistrando atrasos de máis de catro meses, mesmo de oito meses, na tramitación de documentos obrigatorios ou para obter o NIE que son imprescindibles para que as persoas migrantes poden renovar os seus contratos de traballo, acceder a cursos de formación do SEPE, abrir negocios ou buscar emprego?
3. Como se explica que existan tantas dificultades para poder acceder a unha cita nas devanditas Oficinas para realizar a entrevista para obter



o NIE? Está a funcionar adecuadamente o novo sistema de citación a través da web que se puxo en marcha recentemente? É posíbel que o sistema de petición de citas non se restrinxa a determinados días e fágase máis accesíbel?

4. Existe un problema de falta de persoal nas devanditas Oficinas? De ser así, Non debería o Goberno garantir o persoal necesario e suficiente para ofrecer un servizo de calidade, en tempo e forma e que non poña en risco a situación de centos de persoas que se estableceron en Galiza para traballar, estudar ou poñer en marcha unha PEME ou negocio?
5. Solucionará o Goberno estes problemas e facilitará a persoas migrantes a tramitación dos documentos requiridos en prazos razoables de tempo? Adoptará as medidas necesarias para dispoñer dunha Administración áxil, eficaz e eficiente?

Madrid, a 3 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los importantes retrasos en las Oficinas de Extranjería de Galiza para la tramitación de documentos obligatorios para las personas migrantes.**

Desde hace meses se están registrando atascos en las tramitaciones ante las distintas Oficinas de Extranjería en Galiza, lo que causa importantes demoras a las personas que necesitan resolver trámites urgentes para poder continuar trabajando, estudiando, acceder a cursos de formación o emprender un negocio en los lugares del territorio gallego dónde se han establecido.

Los retrasos pueden llegar a cuatro e incluso ocho meses, aun tratándose de trámites urgentes, una circunstancia que pone en riesgo situaciones de formación o de empleo dado que se exige un NIE (Número de Identificación Extranjero) en vigor. Hay que señalar que el documento de resguardo que reciben cuando inician un trámite no sirve para acceder a cursos de formación de empleo del SEPE, permanecer de alta en la Seguridad Social o seguir siendo beneficiario de una ayuda o renta de reinserción.

Esta falta de agilidad por parte de la Administración afecta también a la renovación de contratos de trabajo puesto que deben contar con el NIE en vigor. También les perjudica a la hora de la búsqueda de empleo puesto que las empresas suelen rechazar estas situaciones. Aunque tengan un permiso, el hecho de no contar con el NIE les deja en un limbo legal. Sin el NIE en regla



no pueden hacer la mayoría de los trámites más importantes como los referidos.

Ligado a este problema se añade otro: las dificultades para obtener una cita para realizar la entrevista para obtener el NIE. Hasta el pasado mes de abril, las citas se tramitaban por teléfono con los consiguientes problemas de colapso telefónico e imposibilidad de acceder a una cita.

Recientemente el Gobierno ha puesto en marcha un nuevo sistema de citación web que sin embargo no ha resuelto las dificultades dado que el primer día sufrió un colapso.

Esta situación en las Oficinas de Extranjería de Galiza está causando problemas graves a numerosas personas migrantes y requiere de medidas por parte de Gobierno para ofrecer un servicio de tramitación ágil y que no comprometa su situación.

Organizaciones y asociaciones que trabajan con personas migrantes para ayudarles y asesorarles con sus trámites han advertido que este tipo de problemas administrativos tienen consecuencias graves para las personas que necesitan regularizar sus situaciones. Calculan que un porcentaje significativo tienen riesgo de exclusión si no pueden contar con los papeles en un tiempo adecuado.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿A qué se debe los problemas de atasco y congestión que están sufriendo las Oficinas de Extranjería en Galiza?
2. ¿Por qué se están registrando retrasos de más de cuatro meses, incluso de ocho meses, en la tramitación de documentos obligatorios o para obtener el NIE que son imprescindibles para que las personas migrantes pueden renovar sus contratos de trabajo, acceder a cursos de formación del SEPE, abrir negocios o buscar empleo?



3. ¿Cómo se explica que existan tantas dificultades para poder acceder a una cita en dichas Oficinas para realizar la entrevista para obtener el NIE? ¿Está funcionando adecuadamente el nuevo sistema de citación a través de la web que se ha puesto en marcha recientemente? ¿Es posible que el sistema de petición de citas no se restrinja a determinados días y se haga más accesible?
4. ¿Existe un problema de falta de personal en dichas Oficinas? De ser así, ¿No debería el Gobierno garantizar el personal necesario y suficiente para ofrecer un servicio de calidad, en tiempo y forma y que no ponga en riesgo la situación de cientos de personas que se han establecido en Galiza para trabajar, estudiar o poner en marcha una pyme o negocio?
5. ¿Solucionará el Gobierno estos problemas y facilitará a personas migrantes la tramitación de los documentos requeridos en plazos razonables de tiempo? ¿Adoptará las medidas necesarias para disponer de una Administración ágil, eficaz y eficiente?

Madrid, a 3 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso